



PONTECESO, 13/5/2015

## Cultura

### A exposición itinerante Manuel Rodríguez López chega a Ponteceso

- Por [Xornal de Lugo](#)
- 12 mayo, 2015

#### Temas

[Fundación Eduardo Pondal](#)[Galicia Digital](#)[Manuel Rodríguez López](#)[Ponteceso](#)

Na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso vaise abrir ao público este mércores, ás cinco da tarde, a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ emprendido por Galicia Digital ([www.galiciadigital.com](http://www.galiciadigital.com)) e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido en Paradela para logo expoñerse en Lugo – Museo Provincial- no San Froilán de 2013, e logo en Begonte, Paradela, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona e Madrid. E, no pasado mes de abril, de novo en Lugo na Biblioteca Nodal. Despois de Ponteceso, onde permanecerá ata finais do presente mes, será instalada na Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Cataluña, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no país catalán.

Na inauguración desta exposición na Fundación Pondal de Ponteceso participarán representantes da Xunta de Galicia, da Fundación Eduardo Pondal, a familia do escritor e responsables de Galicia Digital.

Notas de prensa

## **Exposición de Manuel Rodríguez López na Fundación Eduardo Pondal, en Ponteceso**

Na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso vaise abrir ao público o mércores 13 de maio, ás cinco da tarde, a exposición Manuel Rodríguez López sobre a vida e obra do escritor de Paradelas, fillo predilecto dese concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.



A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ emprendido por Galicia Digital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradelas, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido en Paradelas para logo exponerse en Lugo – Museo Provincial- no San Froilán de 2013, e logo en Begonte, Paradelas, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona e Madrid. E, no pasado mes de abril, de novo en

Lugo na Biblioteca Nodal. Despois de Ponteceso, onde permanecerá ata finais do mes de maio, será instalada na Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

Na inauguración desta exposición na Fundación Pondal de Ponteceso participarán representantes da Xunta de Galicia, da Fundación Eduardo Pondal, a familia do escritor e responsables de GaliciaDigital.

X.X., 2015-05-12

## Exposición de Manuel Rodríguez López en Ponteceso



Na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso vaise abrir ao público mañá, mércores, ás cinco da tarde, a exposición Manuel Rodríguez López , sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.

A mostra forma parte do Proxecto Manuel Rodríguez López emprendido por Galicia Digital ([www.galiciadigital.com](http://www.galiciadigital.com)) e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido en Paradela para logo exponerse en Lugo – Museo Provincial- no San Froilán de 2013, e logo en Begonte, Paradela, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona e Madrid. E, no pasado mes de abril, de novo en Lugo na Biblioteca Nodal. Despois de Ponteceso, onde permanecerá ata finais do presente mes, será instalada na Biblioteca Anxo Casal de Santiago de Compostela.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poetaobreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

Na inauguración desta exposición na Fundación Pondal de Ponteceso participarán representantes da Xunta de Galicia, da Fundación Eduardo Pondal, a familia do escritor e responsables de Galicia Digital.





**Festiletras** ha añadido 7 fotos nuevas — en Aldea Do Couto.

13 de mayo ·

Me gusta esta página

Inauguración da exposición itinerante Manuel Rodríguez López. Emigrante Galego. Poeta Obreiro na FEP Fundación Eduardo Pondal

<http://www.manuelrodriguezlopez.org/>

#Festiletras2015





O café de pota de Óscar de Toro, todo un éxito



A master class deixou moi bo de sabor de boca, ao igual que a exposición sobre Manuel Rodríguez

14 de mayo de 2015. Actualizado a las 05:00 h.

Na tarde de onte, Óscar de Toro ofreceu unha máster class de café de pota na sede da Fundación Eduardo Pondal. Bo recendo para acompañar tamén a exposición que quedou inaugurada, sobre o poeta Manuel Rodríguez López. Unha casa, pois, chea de contido.

[Temas relacionados](#)